

Viño de Aragón libre de impostos para o mosteiro de Oia (Sentenza en Baiona, 22 de novembro de 1434)

XULIÁN MAURE RIVAS

RESUMO

Transcribese un documento de 1434 no que se deixa constancia dos privilexios reais de que gozaban os monxes do mosteiro de Santa María de Oia para importar todo tipo de bens. Os “fieis do décimo do porto do mar”, funcionarios do consello de Baiona, esixen a presentación do documento real. Comparando o orixinal e a copia transcrita quedan patentes as variantes da escrita medieval, debidas en boa parte á lingua galega do escribán.

PALABRAS CHAVE: Mosteiro de Oia, privilexios reais, escrita medieval, (importación de) viño de Aragón.

ABSTRACT

We examine a document from 1434 noting the royal privileges that the monks of Santa María de Oia monastery enjoyed of importing every type of goods. The “faithful of the seaport tithe” (that is: the customs clerks of the seaport), civil servants of Baiona town council, demand the presentation of the royal document. In comparing the original and the transcribed copy, the differences in the medieval texts are obvious, due in large part to the Galician language of the town scribe.

KEY WORDS: Oia monastery, royal privileges, medieval text, (import of) Aragonese wine.

Entre os documentos que se gardan no Arquivo Diocesano de Tui hai un pergameo que contén unha sentenza que deu en 1434 na vila de Baiona o xuíz Johán de Leiras. Creárase un conflito entre os feis do décimo do porto do mar desta vila e o abade e mailos frades do mosteiro de Santa María de Oia, representados polo veciño de Baiona chamado Vasco Afonso.

Este representante do mosteiro de Oia intentara desembarcar unha bota de viño procedente do reino de Aragón destinada ao abade e frades do dito mosteiro. Eran as botas uns envases de coiro de gran tamaño, maiores cós odres, que precisaban ser transportadas por cabalos e mesmo por carros; algunhas podían acadar unha capacidade de trinta almudes, uns setecentos cincuenta litros. Os feis do porto do mar esixiron o pago correspondente do décimo do mar; pero o representante do mosteiro asegurou que os frades estaban exentos de tal arbitrio por un privilexio real. Con todo os feis responsables do imposto do porto do mar obrigaron a Vasco Afonso a que deixase en prenda un obxecto de prata mentres non mostrase o privilexio real e garantise, mediante xuramento, que o viño importado era unicamente para consumo interior do mosteiro.

O xuízo que recolle este documento, do que dá fe o notario público xurado real de Baiona, Gonçalo Gómez, celébrase para que o representante do mosteiro poida presentar na súa defensa o privilexio real polo que os frades estaban libres de pagar os décimos de todo canto puidesen traer para despensa do seu mosteiro de Oia e tamén para que o mesmo representante poida prestar xuramento ante os santos evanxeos de que o viño que viña de Aragón era para consumo interno do dito mosteiro. Presentadas as probas e feito o xuramento, o preito resólvese a favor do abade e frades de Santa María de Oia.

NORMAS DE TRANSCRICIÓN E LECTURA

Para unha cómoda lectura do texto é conveniente ter presente os seguintes criterios de transcripción.

As distintas liñas dos documentos van indicadas no seu remate polo número correspondente escrito entre corchetes e supraescrito desde o ^[01] ata o ^[65] para unha mellor localización no texto orixinal.

As maiúsculas e minúsculas obedecen ás normas do sistema gráfico actual. O mesmo vale para o uso de acentos e puntuación.

Hai palabras que levan supraescrito un t como en «ano^t» ou en «mill^t». Indica que no orixinal manuscrito levan un til, signo xeral de abreviación, que non ten correspondencia fonética.

O dígrafo <ll> pode corresponder tanto ó fonema palatal /ʎ/, que aparece nas palabras «lle» ou «vermella», como ó fonema /l/ das palabras «mill» ou «villa», que se deben ler “mil” e “vila” cando o texto está en galego; na transcripción do privilexio, que está en castelán, lerase “villa”.

As palabras abreviadas transcríbense na súa forma plena, indicando en *cursiva* as letras abreviadas. Así a palabra «not^o» transcríbese como *notario*.

Cando o til de nasalidade <~> vai sobre unha vogal con valor de nasal implosiva, transcríbese cun *n* en letra *cursiva*; por exemplo, «ent^o» ou «c^o» transcríbense *entón* e *con*.

Respéctanse os dóbres usos dos grafemas <u> e <i>, cos seus valores de vogais e consoantes. Así atopamos «priuilejo» que hoxe escribiríamos con <v>.

En xeral seguimos as normas de transcripción de uso máis frecuente nos documentos galegos, publicadas polo profesor Ramón Lorenzo (1988).

TRANSCRICIÓN DO DOCUMENTO

Baiona, 1434, 22 de novembro

Sentenza a favor do mosteiro de Santa María de Oia para que non pague o portádego no porto de Baiona. Inclúe transcripción do privilexio do rei Alfonso X e a confirmación do rei Juan II.

ACT: Doc. Baiona 64

Ano¹ do nacemento de noso señor Jesu Cristo de mill e quatro çentos et trinta et quatro anos¹, viinte et dous días do mes de nouembro, ante Johán de Leiras, juis ordena^[01] rio ena¹ villa de Baiyona de Miñor por noso señor el rrey seendo¹ en abdyençia pública, en presenza de mī, Gonçalo Gómez, notario público jurado por lo dicto^[02] señor rrey ena dicta villa de Bayona¹ et das testemuñas adeante escriptas, paresçeun hy presente, abtor, de hũa parte, Vaasco¹ Afonso, sobriño de Aluaro Yanes da Serra,^[03] morador et visiño ena¹ dita villa de Bayona¹, por sy et em nome de dom abade et frayres et conuento do moesteiro de Santa María de Oya, da orden de Cister^[04] do obispado de Tuy; et por sy, reeos¹, da outra Aluaro Pelayos de Codelleiro et Johán Fernandes de Morgadaans, moradores et visiños ena¹ dita villa de Bayona, fiees do^[05] dizemo do porto do mar da dita villa de Bayona o dito ano¹. Et logo entón o dito Vasco Afonso por sy et em nome do dito don abade, frayres et conuento do dito^[06] (do dito) moesteiro, súa demanda per palabra poso contra os ditos Aluaro Pelayos et Johán Fernandes, dezendo que em como¹ el ouvese descargado eno¹ dito porto da dita villa^[07] de Bayona¹ hũa bota de viño que avía tragido et trouxera do rreyno d'Aragón de encomenda per mandado do dito dom abade, frayres et conuento do dito mosteiro^[08] para súa provisón, et que os ditos Aluaro Pellays et Johán Fernandes, fiees¹ do dito disemo que lle non quisieran dar liçençia para descargar a dita bota de viño sen que lle dese^[09] ante peñor de prata por la dizema do que se montase ena¹ dita bota de viño; dizendo o dito Vaasco¹ Afonso que o dito moesteiro, frayres et conuento del eran franquos^[10] et quitos de non pagar o dito disemo per carta priuilejo do dito señor rrey. Por ende que pedía ao dito juys por sy et em nome do dito moesteiro que lle man^[11] dasse entergar hũa abotoadura de prata que lle avía posta por la dita dízema¹ da dita bota de viño. Et logo os dictos fiees¹ disseron et pidiron ao^[12] dito juys que dese juramento ao dito Vasco Afonso enos¹ santos avangeos que disese et decrase sse a dicta vota de viño era para o dito moesteiro et que mostrase^[13] o tal priuilejo se o o dito moesteiro avía. Et logo o dito juys deu o dicto juramento em forma deuyda enos¹ santos avangeos ao dicto Vaasco¹ Afonso que di^[14] sesse et declarase se a dicta bota de viño era para o dicto dom abade, frayres et conuento do dito moesteiro, et el fezo o dito juramento et assy o diso^[15] et decrarou¹ que a dita bota de vino era para o



dito don abade, fra[y]res et conue[n]to do dito moesteiro et que viera a a súa ventura do dicto rreyno d'Aragón et^[16] deu et presentou logo o dito Vasco Afonso em nome do dito moesteiro hũa carta priuilejo que o dito moesteiro ha et ten de merçed do dito señor rrey, o qual era scripto^[17] em perguamio² de coyro et em el dito priuilejo colgado hũu seelo¹ de plomo pendiente en fíos de seda verde et vermella et bra[n]qua et firmado de çertos^[18] nomes dentro do dito priuilejo et enas¹ espaldas do qual dito priuilejo. O tenor¹ del he este que se adeante segue:

Sepan quantos esta carta de pri^[19]uyllegio vieren como¹ yo¹ Don Juan, por la graçia de dyos rrey de Castilla, de León, de Toledo, de Galizia, de Seuylla, de Córdoua, de Murçia, de Jaén,^[20] del Algarbe, de Algezira et señor de Vyscaya et de Molya, vy vna carta del rrey don Alfonso, de buena memoria, que dios dé santo parayso,^[21] scripta em pergamino¹ de cuero et sellada con su sello de çeera colgado en vna çinta de seda, fecha en esta guysa: Don Alfonso por la graçia^[22] de dios rrey de Castilla, de León, de Toledo, de Galizia, de Seuylla, de Córdoua, de Murçia, de Jaén et del Algarbe, a los que rrecabdan las dezmas^[23] en la villa de Tuy et de Bayona¹ de Miñor, salut et graçia. El abat del monesterio de Oya por si et por su conuiento me dixo que ellos^[24] an sus heredades en Portugal, de que traen pan et vino¹ et sal et otras cosas que an menester para gouierno de su monesterio et vós que les^[25] tomades la dezma dello. Et pediome merçet que mandase y lo que touiese por bien; ende vos mando que les non tomedes dezma del pan nin del^[26] vino¹ nin de la sal nin de las otras cosas que troxieren de Portugal nin de otra parte para despensa de su monesterio et non fagades ende al.^[27] Dada en Burgos, veynte et vn días de setienbre. Ferrant¹ Arias, arçediano de Deça, la mandó fazer por mandado del rrey. Guyllelme¹ An^[28] dreu la fizo. Era de mill et trezientos et dez años. Ferrant¹ Abril.

Et agora el abat et monjes et conuentyo del dicho monesterio de Santa^[29] María de Oya enuvióronme pedir merçed que les confirmase la dicha carta et la dicha merçed en ella contenyda que el dicho rrey don Alfonso^[30] les fizo et gela mandase guardar et conprir. Et yo, el sobredicho rey don Juan, por fazer bien et merçet et limosna al dicho abat^[31] et conuiento del dicho monesterio de Oya, tóvylo por bien et confirmoles la dicha carta et la merçed en ella contenyda et mando que^[32] les vala et sea guardada ssy et segunt¹ que mejor et mas conpridamente les valió et fue guardada en tiempo del dicho rrey don Alfonso et^[33] de los otros rreys onde yo vengo et del rrey don Juan my ahuelo et del rrey don Enrique my padre et my señor, que dios perdone,^[34] et defiendo firmemyente que alguno nyn algunos non sean osados de les yr nin pasar contra la dicha carta nin contra la merçet en ella contenyda^[35] nyn contra parte della por gela quebrantar o menguar agora nin de aquí adelante en algunt¹ tiempo por alguna ma-

nera; ca *qual quier que* lo fe^[36] siesse avería la mi yra et pecharme ya en pena dez mill marabedís desta moneda vsaule para la mi camara et al dicho abat et con^[37] viento del dicho monesterio, o a *quien* su voz toviese, todas las costas et dagnos et menoscabos *que* por ende reçebyesen dobla^[38] dos. Et demás mando a todas las justiçias et ofiçiales de los mys regnos do esto acaesçiere, asý a los *que* agora son como^l a los *que* seerán de aquí^[39] adelante et a cada vno dellos *que* gelo non consientan, mas *que* les defendan et amparen con la dicha merçed en la manera *que* dicha es et *que* prenden^[40] en bienes de aquellos *que* contra ello fueren por la dicha pena et la guarden para fazier della lo *que* my merçet fuere, et *que* enmyenden et fagan^[41] enmendar al dicho abat et conuento de dicho monesterio, o a *quien* su vos toviere, de todas las costas et dagnos et menoscabos *que* por ende^[42] rreçibieren doblados como^l dicho es. Et demas por *qual quier* o *quales quier* por *quien* fincare de lo asý fazer et conplir, mando al ome *que* les^[43] esta mi carta mostrare o el traslado della abtorizado en manera *que* faga fe, *que* los enplaze *que* parescan ante mi en la mi corte del día *que* los^[44] emplazare a quinze días primeros seguyntes, so la³ dicha pena^l a cada vno, a dizir por *qual rrazón non cunplen* mi mandado. *Item* mando so la dicha^[45] pena^l a *qual quier* scripuano publico *que* para esto fuere llamado *que* dé ende al *que* gela mostrare testimonyo^l signado con su signo por *que* yo^[46] sepa en como^l se cunple my mandado. Et desto les mandé dar esta my carta scripta en pergamino^l de cuero et sellada con mi sello de plomo pendiente^[47] en filos de seda. Dada en la villa de Valladolid, diez et ocho días de enero, año del naçemyento^l del nuestro señor Jesu Cristo de mill^e et quatro cientos^[48] et veynte años. Yo Martín Garçia de Vergara, scripuano maior^l de los priuilejos de los regnos et señoríos de nuestro señor el rrey lo fiz^[49] scripquir por su mandado. Fernandus, bacalareus in legibus. Et eran escriptos enas^l espaldas do dito priuilejo estes nomes adeante conteudos^[50] Alfonsus bacalareus in decretis, Fernandus bacalareus, Johanes decretorum bachalareus.

Et presentado et liudo a dicta carta priuilejo, o dicto Vasco Afonso diso et pediu^[51] ao dito Johán de Leira, juys, *que* lle conprise et mandase conprir a dicta carta priuilejo segundo se en ela contiña, mandándolle dar et entregar^[52] a dicta prenda *que* asý avía posto por la dicta dízema. Et logo o dito juys diso *que* vista a demanda do dito Vaasco^l Afonso et o juramento^[53] et declaraçón por el feita et o dicto priuilejo por el presentado et vista a defesa dos ditos fiees, diso *que* el, obeeescendo aa dita carta^[54] priuilejo do dicto señor rrey et mandado en ela conteudo, *que* lle obedesçia con aquela mayor rreuerençia *que* con dereito podía et deuíá^[55] asý como^l a carta et mandado de seu rrey et señor natural, et *que* mandaba et mandou aas justiças da dicta villa de Bayona et a cada^[56] hũa delas *que* cunplan et a guarden a dicta carta priuilejo segundo se en ela contén, asý aas justiças *que* ora son como^l aas *que*^[57] seerán de aquí adelante. Et mandou aos dictos Alvaro Pellays et Johán Fernandes, fiees^l do dicto dízemo *que* desen et emtergasen a dicta prenda^[58] ao dicto Vasco Afonso quanto era por rrazón da dita bota de viño et *que* lles defendía firmemente *que* d' oje, este dito día, en deante, elles^[59] nen os outros disemeiros *que* despoys deles viesen non demandasem nen molestasen mays ao dito abade, frayres et conuento do^[60] dito moesteiro, asý por byños et pan como^l de *qual quer* cousa *que* doutra parte viesse para prouisión do dito moesteiro et abade, frayres et conuento^[61] del.- Et per sentença defynitiua o mandou todo asý. Testemuñas *que* foron presentes: Fernán Esteues^l et Pero Yanes, notarios, et Ruy Lourenço et Johán Martíns, mareante,^[62] visiños et moradores en^l dita bila.^[63]

Et eu, Gonçalo Gómez, notario público jurado por lo dito señor rey ena¹ dita bila de Bayona¹ de Miñor et en seu alfoz, a esto que^[64] dito he presente fuy et esto en miña presenza fiz escripuir et aquí meu nome et signal puge que tal he.^[65]

OS FIEIS, FUNCIONARIOS DO CONCELLO DE BAIONA

No Libro do Concello de Santiago (1416-1422) recóllese un acordo onde queda patente a natureza e función do persoal do concello que recibía o nome de fieis ou fiees, derivado do latín *fideles*.

O dito conçello, justiças et regidores jurados diseron que por cuanto era ordenança de noso señor el rey que os conçellos das çidades, vilas et lugares de seus regnos et señorios posesen *fiēs* en caada hūu anno por lo primeiro dia do mes de janeiro ennas suas rendas de alcavalas para que os taaes *fiēs* desen conta con pago de todo o que rendesen as ditas rendas enno tempo de suas fieldades aos arrendadores que arrendasen as ditas rendas de alcavalas ou a aquel que o ouvese de aver et recabdar por lo dito señor rey, por enden que eles en conprindo a ordenança do dito señor rey sobresta raçon feita que poynan et poseron por *fiēs* ennas rendas de alcavalas desta dita çidade et seu giro deste dito anno a estas personas que aqui diran, primeiramente.

Seguen no documento os nomes dos fieis que nomearon as autoridades do concello de Santiago para o ano 1417, que era ano de perdoanza, pois cadraba en domingo o día 25 de xullo.

Et diseron mays o dito conçello, justiças et regidores que por eles poseren mais fiēs ennas ditas rendas dos que eran ordenados a por lo dito señor rey que esto era por quanto este anno era perdoança enna iglesia de Santiago et porque entendia et eran çertos que a esta dita çidade verrian en romaria muytas conpañas et de diversas partes et por ende que era neçesario de se poeren mays fiēs ennas ditas rendas dos que se devian poër, porque fose posto bõ recabdo en elas et por ende que protestavan de non encorrer por elo en penna algũa.

Os fieis eran pois empregados do concello, elixidos cada ano o primeiro de xaneiro e tiñan o encargo de recadar os distintos arbitrios de alcabalas e décimos propios do señor da vila. Baiona era vila real e o rei arrendaba nesta época as rendas do décimo do mar por períodos de seis anos.

CARTA PRIVILEXIO

Juan II de Castela, a petición do abade de Santa María de Oia, Dom Gonzalo de Villar (1417-1423), renova os privilexios reais dos seus antecesores na carta dada en Valladolid o 18 de xaneiro de 1420. Este é o documento presentado en Baiona o 22 de novembro de 1434 e que se copia na sentenza cando Dom Estevo de Navia era abade no mosteiro de Oia (1423-1454).

A comparación do orixinal do privilexio coa copia que fai o escribán do notario de Baiona no texto da sentenza déixanos algunha información de natureza sociolingüística e codigocolóxica.

Como se pode ver na reprodución do privilexio, que hoxe se garda no Arquivo Diocesano de Tui “scripto em perguamio de coyro”, xa non queda “em el dito priuilejo colgado hũu seelo^t de plomo pendente en fíos de seda verde et vermella et bra[n]qua”. Vese tamén que está fanado, posiblemente rillado polos ratos, na parte esquerda do documento. As súas medidas (433 mm. por 220 mm.) esixiron o seu encarte e advertimos na primeira dobrez unha mancha con simetría bilateral que corresponde á parte perdida. Esta parte perdida púidose recuperar grazas ao documento que editamos, pois inclúe unha copia integra deste privilexio.

Por ser distintos os escribáns da sentenza e do privilexio advértense algunhas variantes entre orixinal e copia que ben merecen un comentario.

Na *completio* do privilexio podemos ler: “Yo Martín Garçia de Vergara, scripuano maior^t de los priuilejos de los regnos et señoríos de nuestro señor el rrey lo fiz^[49] scripuir...” Estamos na cidade de Valladolid e por suposto en lingua castelá. Na sentenza temos unha copia en lingua castelá feita por un escribán galego de Baiona. Na táboa seguinte recolleemos algunhas variantes entre a escrita dos dous escribáns.

<i>Escribán castelán</i>	<i>Escribán galego</i>
Gallisia	Galizia
recaudan	recabdan
convento	conviento
désema	dezma
pidiome	pediome
ni... ni...	nin... nin...
Portugal	Portogal
merçet	merçed
abuelo	ahuelo
auria (habría)	averia
vsual	vsuale (usable)
dapno	dagno
reçibiesen	reçebyesen
fazer	fazier
escriuano	scripuano
sigientes	seguyntes
testimonio	testemonyo
[n]asçimiento	naçemento
ni, ira, mi, ir...	ny, yra, my, yr...

Ambos escribáns quixeron escribir ou copiar un documento en castelán. O de Baiona, a pesar de ter o modelo diante, tivo interferencias dos hábitos escriturarios galegos e, nas palabras escritas en negriña na táboa anterior, cometeu erros hipercultistas semellantes ós que hoxe cometen quen din “inconvinte” pensando que “inconveniente” non é galego. O escribán da sentenza pensaba que se en galego dicía “convento” ou “fazer” en castelán debería escribirse con ditongo “conviento” e “fazier”, semellante a “tiempo” ou “viento” que en galego se din “tempo” e “vento”.

CODA

Este documento, gardado entre os pergameos da igrexa de Santa María de Baiona, fai referencia ós privilexios que tiñan os cistercienses do mosteiro de Santa María de Oia. Fronte á economía urbana e portuaria de Baiona, con funcionarios que fiscalizaban o tráfico de mercancías, mantense firme o poder privilexiado do mosteiro de Oia. O historiador Emilio Duro Peña lembra como os mosteiros saían case sempre ganando nos preitos que emprendían. “El monasterio era una potencia temible en el litigio. Lo expresa de manera gráfica, aparentemente blasfema, el dicho popular: «Con un fraile no puede nadie; con dos, ni Dios; con una comunidad, ni la Santísima Trinidad»” (121). O capítulo sexto da tese de María Seijas Montero *Los cistercienses en el sudoeste de Galicia a fines del Antiguo Régimen* ten como título “Los conflictos derivados del patrimonio y de las rentas”.

Outra historiadora, Elisa Ferreira Priegue, no seu voluminoso traballo doutoral *Galicia en el comercio marítimo medieval* axúdanos a comprender a chegada a Baiona dunha bota de viño do reino de Aragón. Nas páxinas 708-719 hai unhas táboas co movemento de buques galegos en portos da coroa de Aragón durante os anos 1380-1450. Valencia e Barcelona eran os principais destinos da exportación galega de peixe salgado, sardiña, pescada ou congro. Á parte do peixe, tamén, entre outras poucas mercancías, se exportaban «botas» de fabricación galega e mobles de castiñeiro (p. 743). Nos retornos desta nave galegas era moi frecuente o transporte de viño de Aragón. Viño de maior graduación do que vendimaban os foreiros galegos para o mosteiro de Oia.

NOTAS

- 1 Está corrixido sobre a palabra *declarou*.
- 2 No orixinal: *perugamio*.
- 3 No orixinal: *lo*.

BIBLIOGRAFÍA

- DURO PEÑA, EMILIO (1977): *El Monasterio de S. Esteban de Ribas de Sil*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos ‘Padre Feijoo’.
- LORENZO, RAMÓN (1988): “Normas para a edición de textos medievais galegos” en Dieter Kremer (ed.) *Actes du XVIIIe Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes*, T. VI. Tübingen: Max Niemeyer Verlag, 76-85.
- PÉREZ-BUSTAMANTE, ROGELIO (1981): “Aportación al estudio de los diezmos de la mar. Un cuaderno de los Diezmos de la Mar de Galicia y Asturias, 1451-1456” en *El Museo de Pontevedra* XXXV
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, ÁNGEL (1992): *Libro do concello de Santiago (1416-1422)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- SEIJAS MONTERO, MARÍA (2009): *Los cistercienses en el sudoeste de Galicia a fines del Antiguo Régimen*. Compostela: https://minerva.usc.es/bitstream/am/10347/2675/1/9788498873276_content.pdf
- YAÑEZ NEIRA, FR. M. (1974): “El monasterio de Oya y sus abades” en *El Museo de Pontevedra* Tomo XXVIII pp.1-83.